

A identidade como factor motivador da práctica deportiva: O fútbol gaélico na Galiza

CASTRO CAMBA *Guillermo*

Universidade de Granada
gcastrocmb@gmail.com

MARTINS RODAL *Breixo*

Universidade de Santiago de Compostela
martins.rodal@gmail.com

[Recibido febreiro 2015; aceptado outubro 2015]

Resumo

No momento actual o peso das identidades colectivas tanto relixiosas, nacionais ou de xénero presenta unha preponderancia absoluta nos acontecementos mais destacados que están a condicionar o funcionamento do sistema mundial. Ante este feito, faise moi necesario que dende a xeografía sociocultural se incrementen os esforzos por afondar na investigación neste campo de máxima actualidade. Neste senso, o presente artigo pretende estudar a influencia da identidade no incremento nunha determinada práctica colectiva no contexto galego. Estámonos a referir o sorprendente éxito do fútbol gaélico na Galiza que se nos presenta como un claro factor diferencial con respecto a outros territorios do Estado español. Así, buscaranse vinculacións entre a práctica deportiva do fútbol gaélico e a presenza dunha forte identidade colectiva na Galiza, moi marcada por un sentimento de pertenza a un marco cultural de orixe celta. Sexa como for, o presente estudo deixa patente a presenza dun factor diferencial na sociedade galega que incrementa a motivación por parte desta sociedade cara a práctica dun deporte de escaso arraigo social no pasado recente do país.

Palabras clave: Identidade, fútbol gaélico, mundo celta, identidades colectivas, tradición.

Abstract

In the present moment, the importance of collective identities regarding nationality, religious practices or gender play a central role the majority of events that are conditioning the world's system. Because of this, it is vital that socio cultural geography improves its efforts to carry out further research events in this field. Developing this line of argument, in this article we will attempt to study the influence of identity in a specific collective practice within the the Galician context. Specifically we will

explore the surprising success of Gaelic football in Galicia, that appears as a differential factor compared to the rest of Spain. based on the rapidly increasing interest of Gaelic football in the Galician country, comparing it to its popularity in other regions of Spain. In this article we will attempt to explore the links between the practice of gaelic football and the reality of a strong cultural identity of Galiza, well defined by its sense of connections with the Celtic world. This paper proves the existence of this differential factor within Galician society that increases the motivation of the people of Galicia to continue increasing the practice of this activity, with almost no relevance in the country's recent history.

Keywords: Identity, gaelic football, celtic world, collective identities, traditions

1. Introducción

Dende a revolución tecnolóxica e científica os cambios sociais, económicos e culturais, así como as relacións interpersoais asociadas a estes, incrementáronse de forma exponencial. No período actual afectado por unha fonda crise económica e política, estas transformacións son, si cabe, dun maior calado. Esta profunda remodelación afecta a unha gran parte das prácticas sociais que teñen que ver co desenvolvemento cotiá das sociedades e dos seus individuos. Neste senso, as prácticas deportivas non foron unha excepción, cun amplo aumento da oferta deportiva presente na Galiza e no resto do mundo, como consecuencia directa da globalización e da relativa democratización dos medios de comunicación. Así, os "mass media" xa non ostentan a capacidade exclusiva na difusión informativa, sendo paulatinamente substituídos polos medios propios da actual sociedade da información (Castells, 2000).

Desta maneira, o obxectivo deste traballo non será estudar o sistema de cidades e o modelo deportivo asociado a estas, os impactos paisaxísticos xerados pola implantación dun equipamento deportivo ou as implicacións turísticas do deporte, todos temas recorrentes no estudo e a investigación relacionada co deporte dende o ámbito da Xeografía (Luque, 2012). A motivación deste traballo é estudar o porqué do xurdimento e estandarización progresiva dun novo deporte dende o enfoque da xeografía social e cultural. Neste senso, o presente artigo vai analizar o caso do Fútbol Gaélico e a súa gran expansión nos últimos anos no Estado español e na Galiza como caso diferencial. É este caso diferencial galego, dentro da expansión deste deporte de orixe irlandesa, o que permitirá esclarecer cal é a causa das grandes diferenzas na evolución deste deporte no Estado español.

Para o caso que nos ocupa, dende a nosa perspectiva de análise, consideramos que a vinculación do deporte coa identidade debe de ser analizada co fin de tentar visualizar as causas do auxe ou declive desta práctica deportiva. As identidades colectivas definidas como o conxunto de atributos culturais superpostos por riba do resto (Castells, 2003) están, en moitos casos, intimamente ligadas co deporte, por ser este, un destes elementos culturais elixidos para conformar a identidade dunha comunidade. Desta maneira, o fútbol gaélico foi durante un longo período de tempo, e segue a selo, un instrumento efectivo para conformar a identidade nacional irlandesa fronte a dominación do Imperio británico, rematando por formar parte da súa identidade nacional na actualidade (Cuiv, 1969).

O fútbol gaélico é un deporte sen unhas orixes claras que foi progresivamente evolucionando. Non obstante, considérase que as primeiras referencias o mesmo parten do século XIV. A primeira regulación coñecida deste deporte, que lle permitiu pasar de ser un xogo a poder ser considerado como deporte (Verdes e Xaquín, 1986) datan de 1527 cando polos Estatutos de Galway, certas modalidades deste deporte, que ata o momento fora considerado ilegal polo Goberno Británico, son aceptadas e legalizadas posibilitando o seu desenvolvemento e posterior regulamentación. Partindo desta data, a estandarización prosigue e é no ano 1670, no Condado de Meath, cando aparecen os primeiros indicios dun deporte cunhas regras xa mais vencelladas as existentes na actualidade, as cales, son aceptadas pola meirande parte do mundo (Orejan, 2006). Como se puido comprobar, as orixes do deporte están claramente situadas na illa de Irlanda e so nos últimos tempos comeza a expandirse por Europa. No caso galego, esta expansión é mais que recentes entanto en canto a aparición do primeiro equipo na Galiza data do ano 2010. Apenas cinco anos despois, xa son tanto ou mais que os existentes no resto do Estado español según datos da Gaelic Athletic Association (GAA). Este espectacular aumento da afección polo fútbol gaélico consideramos que ten ampla relación con aqueles factores anteriormente citados que marcan a vinculación entre o deporte, as identidades colectivas e as tradicións.

Partiremos dunha revisión conceptual que, nun primeiro momento, estableza as bases teóricas precisas dende a xeografía sociocultural. Posteriormente, tentaranse establecer as relacións conceptuais entre o deporte, a identidade ou as tradicións. Deseguido, consideramos imprescindible demostrar que existe unha discordancia evolutiva no percorrido que este deporte tivo na Galiza en relación co resto do Estado español no último lustro, cando aparece o primeiro equipo de fútbol gaélico na Galiza. Con este obxectivo consultamos diversas fontes de información, principalmente as aportadas pola GAA, ata atopar os datos precisos que mostren a evolución do deporte en diferentes contextos territoriais. O

seguinte apartado deste artigo correspóndese as reflexións que tentan establecer as influenzas entre o fútbol gaélico e a identidade, nomeadamente para o caso galego.

2. Marco teórico

Neste apartado preténdese enumerar e explicar, na medida do posible, as bases argumentais que nos permitiran con posterioridade entender o auxe do fútbol gaélico na Galiza en base os elementos diferenciais da sociedade galega. Son a identidade, as tradicións ou os imaxinarios colectivos uns conceptos que inda na actualidade xeran controversia tanto no común da sociedade como no mundo académico. Tentaremos establecer cales son as aportacións mais destacadas dende diferentes perspectivas e posicións académicas na medida en que as consideremos adecuadas e útiles para a investigación.

2.1 O concepto de identidade

Para o caso que nos ocupa, consideramos que a identidade, no seu amplo conxunto de connotacións e perspectivas teóricas, é un concepto que vai a xogar un papel chave no conxunto deste artigo. O motivo é que posúe a capacidade de unir gran parte do marco teórico e conceptual coa demostración empírica do auxe do fútbol gaélico na Galiza, en comparación co Estado español. Ante este feito, do conxunto do marco teórico, consideramos que o peso outorgado a súa explicación debe ter un peso mais destacado neste apartado conceptual.

Como premisa a hora de tratar a identidade, debemos indicar a existencia de dúas concepcións sobre a mesma, inda estando relacionadas, compren dun análise diferenciado. Así, podemos distinguir entre a identidade individual e as identidades colectivas, sendo, estas últimas, as cales nos referiremos de agora en diante no presente artigo (Castells, 2003). Consideramos que son as que mais se adecúan o contexto no que se sitúa esta investigación que pretende explicar, inda que sexa nunha pequena parte, o comportamento común dun grupo social en base a parámetros compartidos da súa identidade.

O interese polas identidades colectivas foise acrecentando dende o século XVIII na medida en que se ía establecendo paulatinamente como o principal elemento de cohesión e garante da estrutura social establecida, ata ser as identidades nacionais os elementos de lexitimación das institucións occidentais. Pola contra, dende o mundo académico, sen o opaco cristal dos intereses ideolóxicos argumentados polas diferentes capas da estrutura do poder, a cal nos referiremos mais adiante, poden datarse os orixes do seu estudo no ano 1957 cos estudos de Henry Tajfel que mais tarde continuaría, en colaboración con outros grupos, na década de 1970

(Scandroglio et al., 2008). Na actualidade segue sendo un concepto de controversia a pesar de que as bases argumentais da definición, conformación e características da mesma comezan a ser aceptadas dunha forma mais xeral. Este eixe conformador do que nos nosos días entendemos por identidade é o que nos seguintes parágrafos tentaremos ir desenvolvendo.

O tratamento histórico da identidade non pode ser separado do seu contexto histórico, social ou económico posto que, en numerosas ocasións, este tivo unha gran influencia na conformación da propia identidade. Entre outros motivos, a contextualización histórica é útil para coñecer cal é a estrutura social nun momento determinado da historia co fin de comprender cales foron as principais forzas que estaban a actuar na sociedade. A importancia deste feito baséase en que a conformación dunha identidade colectiva está moldeada en base a unha estrutura de poder entre diferentes estratos da escala social que, na maioría dos momentos históricos, atopase instaurada nunha continua e complexa loita (Wallerstein, 2007). Ante este feito, o interesante é coñecer e comprender cales son os grupos implicados, cal é o obxectivo, como é o proceso e cal é o contexto no que se desenvolve unha identidade (Castells, 2003). Unha proba da relación entre a identidade e as estruturas sociais atópase na paisaxe e en como esta representa a conformación da sociedade nun determinado momento establecendo dunha forma simbólica a separación entre as clases ou estamentos dominantes e dominadores (Darby, 2000). Outros autores como Wallerstein (2007, pp. 193-217), afirman que a conformación dunha determinada identidade na sociedade é un proceso consciente e intencionado cun obxectivo claro por parte dos diferentes polos da estrutura do poder nun proceso dinámico e cambiante onde determinados "pobos" reafirmáanse e expándense e outros, derrotados polo continuo proceso de confrontación, son eliminados.

Entanto en canto que no parágrafo anterior definimos que a conformación dunha identidade é consciente, non cabe senón afirmar que as identidades colectivas non son un elemento inmutable presente dende os albores dos tempos, nin o epílogo dun proceso social aleatorio. Mais ben, a súa existencia é froito dunha construción social, son unha invención (Castells, 2003). Nembargantes, na maneira en que é a propia bioloxía humana a que nos define como seres sociais que viven nunha comunidade cunhas determinadas normas, podemos considerar que as identidades colectivas son unha norma mais deste conxunto de regras sociais inventadas pero necesarias. Como digo, o feito de ser unha invención non a reduce a ser un mero instrumento para acadar os obxectivos do estamento ou clase vencedor das distensións sociais. Unha perspectiva contraria a estes postulados é a defendida por un gran número de académicos, en especial, facendo referencia a identidade nacional que a definen como a invención dunha elite, con bases nunha serie de "tribalismos", co fin de

consolidar o seu poder (Gellner, 1997). Debemos destacar que en numerosos momentos da historia, os líderes do socialismo exhortaron a identidade nacional conscientes do seu fondo calado na sociedade, provocando unha histórica dualidade entre crítica e exaltación da identidade nacional (Wallerstein, 2007). Dende a nosa perspectiva, non se pode negar que as identidades sexan inventadas pero o seu calado na sociedade responde a que toda identidade esta baseada na cultura entendida como un conxunto de valores marcados por "códigos específicos de autoidentificación" (Castells, 2003, pp. 97).

Así, Castells (2003) define a Identidade como a "construción de sentido en base a un atributo cultural ou conxunto de atributos culturais o que se da prioridade sobre o resto de fontes de sentido". En base a esta definición e a diferentes características citadas anteriormente, Castells establece tres tipos de identidades posibles dentro dun contexto de loita de poder entre clases sociais:

- Identidade lexitimadora: Promovida por aqueles axentes sociais dominantes co obxectivo de xustificar a posición dual de dominadores e dominados. Identidade habitualmente estendida dende as institucións influenciadas polos dominadores, podendo aplicarse a teoría da dominación ou a dos nacionalismos.
- Identidade proxecto: Prodúcese cando son os propios actores sociais os que, de forma consciente, elaboran unha determinada identidade co fin de variar a súa posición dentro da estrutura social.
- Identidade de resistencia: Xerada polos actores sociais en situación desfavorecida fronte a outros, xerando a súa identidade en oposición antagónica ós elementos que dan sentido a identidade do axente dominador.

É interesante sinalar que un gran número de autores fan referencias o elevado papel que xoga a diferenciación social construída entre grupos no proceso de desenvolvemento continuo dunha identidade (Porta e Diani, 2011), sexa entre grupos diferenciados dentro dunha mesma sociedade ou entre dúas realidades socioculturais como poderían ser dúas nacións. Para o caso que nos ocupa, é interesante sinalar como no caso galego os grandes paisaxistas que deron forma ó que hoxe entendemos como unha "paisaxe galega" outorgáronlle un simbolismo o territorio galego en oposición as imaxes predominantes procedentes do mediterráneo español e de Castela (Lopez Sandez, 2008). Así, fronte o imaxe do verán soleado de Castela, Rosalía de Castro establece o imaxinario galego o redor dos espazos verdes, da choiva e da humidade. Pola súa banda, Otero Pedrayo en numerosas obras establece o carácter atlántico, o norte de Europa e tamén os países celtas como un referente para Galiza. Neste caso, pódese ver a dobre vertente na creación dunha identidade, é dicir, no caso galego confórmase

buscando as paisaxes diferenciadas con respecto a España pero o mesmo tempo estanse a tomar atributos doutra culturas, como a dos países celtas, para dar corpo a propia identidade galega. Nembargantes, debemos destacar que inda sendo conscientes da intencionalidade da creación deste imaxinario que dará forma a unha identidade, non debemos negar a existencia dos elementos previos que conforman a base, nin reducilos a simples "tribalismos".

Por último, parécenos acaído identificar dúas perspectivas teóricas que unen os conceptos de rexión e identidade, centrais na investigación dende a perspectiva da xeografía social e cultural. Dunha banda, a definición de identidade rexional fai referencia a identificación dun colectivo social cunha rexión determinada. Doutra banda, a identidade dunha rexión son aqueles aspectos como a natureza, a cultura, as tradicións ou a historia que se usan para a clasificación e o establecemento de límites rexionais co fin de diferenciar uns pobos e unhas sociedades das outras (Paasi, 2009). Para os nosos efectos, o concepto mais útil é o segundo, posto que, como veremos con posterioridade, o obxectivo de diferentes autores galegos ligados o provincialismo, rexionalismo ou nacionalismo foi a conformación e potenciación de elementos culturais, históricos ou paisaxísticos que foran asociados a Galiza en confrontación coa identidade rexional dominante. Desta maneira, conceptos como o atlanticismo, a ruralidade, o megalitismo, as brétemas ou a misticidade ligada a un pasado celta foron recorrentes nas atribucións de sentido ó territorio galego. A celticidade galega vai ser especialmente importante para o presente artigo na medida en que consideramos que é crucial para explicar as dinámicas que aquí se estudan.

2.2 O deporte e a identidade

Cando se conforma unha identidade ó redor dun conxunto de atributos culturais (Castells, 2003), en numerosas ocasións, un elemento do conxunto, está conformado por un deporte que se entende como garante e contido da esencia do pobo ou comuna cultural que se autodefine con esa identidade concreta. No mundo postmoderno actual o deporte de masas xoga un importante papel como catalizador de identidades e ideoloxías, mais neste contexto de relacións psicolóxicas debemos destacar os deportes "tradicionais" como os que, con maior facilidade, son enmarcados dentro do sistema relacional de atributos culturais. Débese especificar que o concepto de deporte de masas non ten porque sen contraditorio co sentido tradicional dun deporte, en certos contextos históricos nun determinado ámbito socio-territorial estes poden confluír, caso dos deportes gaélicos na illa de Irlanda.

Exemplos de como os deportes se foron establecendo no centro dos sistemas de autoidentificación das sociedades son recorrentes ó longo da

historia. No referente ó deporte central deste artigo, durante o período anterior á independencia do que é hoxe a República de Irlanda o goberno Británico prohibiu todos os deportes gaélicos debido a percepción do mesmo como un contedor da identidade nacional irlandesa. A medida non fixo mais que acrecentar a relación entre estes dous conceptos e tanto o fútbol gaélico como os demais deportes gaélicos convertéronse nun elemento central do sentimento de pertenza a nación oprimida (Cuiv, 1969). Neste caso, estamos perante a clara evidencia da influencia exercida por unha loita de poderes opostos no proceso de conformación dunha identidade. Este proceso, de enmarcarse dentro dalgúns dos tres orixes da identidade definidos por Castells, é unha clara identidade de resistencia o ser froito de actores sociais que se atopan nunha situación prexudicial fronte o actor dominador. Doutra banda, a construción dunha identidade oposta atopámolo na obra de Reclus, posto que, como especifica Luque (2012), Reclus tentou facer unha explicación da xeografía mundial utilizando o deporte do Cricket, deporte considerado tradicionalmente Inglés, con evidentes intencións de dar unha sustentación ideolóxica á política imperialista Británica dominante nese contexto histórico. Como no caso anterior, tentando enmarcar a obra de Reclus dentro dunha das definicións de Castells, consideramos que é un claro exemplo lexitimador por ser reflexo das aspiracións dominadoras do actor cunha posición favorable.

Para o caso que nos ocupa, os deportes “tradicionais” presentes no Estado español que son canles culturais dunha determinada identidade son por exemplo o remo de traíñas no País Vasco ou, asumindo que puidera ser considerado como deporte, os touros para o caso da comuna cultural española. Para o caso galego, pese a existir xogos que potencialmente poden chegar a ser considerados deportes tradicionais, caso do remo, non temos a certeza de que algún deporte teña as atribucións de ser un elemento cultural específico dunha identidade galega diferenciada. É en compensación desta eiva, aventuramos que o fútbol gaélico está a servir de catalizador para un grupo social cunha clara autoidentificación coa Galiza e a súa sociedade.

2.3 A invención da tradición

O termo tradición ou cultura son repetidamente citados con diferentes connotacións ou con diferentes obxectivos, con maior ou menor acerto pero case sempre dende unha perspectiva moi ampla e abrangüente. Inda que a argumentación teórica do que entendemos por cultura ou a tradición escapa da capacidade do presente artigo, si nos gustaría definir brevemente algúns conceptos teóricos que consideramos de gran relevancia. Porén, en parágrafos posteriores, analizaremos as diferenzas entre as rutinas e as tradicións, a adxetivización e simbolización dunha practica ata convertela nunha tradición e por último definir o concepto de tradicións inventadas así

como as súas características, tipoloxías e diferenzas coas tradicións antigas.

Dunha banda, as rutinas son unha práctica repetida por un individuo ou unha sociedade nun período determinado de tempo sen a necesidade de ter esta práctica unha función ritual. Pola contra, as tradicións precisan dunha vinculación simbólica, e dicir, que na medida en que a rutina se lle outorgan uns valores ou símbolos específicos inmutables convértese en tradición. Esta atribución de sentido ou valores que poden chegar a conformar unha nova tradición soe obter o substrato obxectivo do pasado existente en calquera sociedade (Hobsbawm e Ranger, 2002). Así, prácticas cuxa existencia é previa a propia existencia da tradición son valorizadas con posterioridade dándolle un sentido que responde a novos obxectivos. Neste senso, o novo orde social constituído na base do estado-nación (Wallerstein, 2007) foi conformado en gran medida mediante a selección de atributos culturais adecuados a identidade nacional elixida, polo que as tradicións, inventadas ou non, xogan un papel clave a hora de sustentar, mediante un proceso de simbolización da historia e das rutinas, o novo orde mundial.

Por último, imos referirnos as tradicións inventadas como aquelas que xorden nun período de tempo curto, establecéndose de forma acelerada na sociedade. Tamén as que de forma consciente e intencionada son construídas e posteriormente lexitimadas por unha institución. Estas tradicións buscan a introdución de valores na sociedade mediante a atribución simbólica que se lle outorga a práctica das mesmas, tendo unha xustificación ideolóxica. Pola contra, as tradicións "auténticas" teñen un orixe técnico ou práctico na medida en que a súa repetición está motivada pola solución dun problema concreto na sociedade, nun contexto histórico determinado, tendo un fondo arraigo na articulación dos lazos sociais (Hobsbawm e Ranger 2002). Así pola clasificación de Hobsbawm e Ranger pódense establecer tres tipoloxías de tradicións inventadas:

- Aquelas tradicións que teñen como obxectivo aumentar a cohesión social e o sentimento de pertenza o grupo, tanto dunha comuna cultural, mais ou menos uniforme, como de comunidades ficticias.
- Aquelas tradicións que buscan a lexitimación dunha institución, grupo social dominante ou relacións establecidas en base a un sistema de loita de poderes en diferentes escalas da estrutura social.
- Aquelas tradicións que buscan inculcar nunha sociedade un código ético ou de valores que estableza un determinado tipo de crenzas ou pautas de comportamento, habitualmente preseleccionadas na medida en que gardan vinculación coa identidade dominante.

2.4 O simbolismo celta na Galiza

En todo o noroeste da Península Ibérica, tanto no marco administrativo que conforma a comunidade autónoma galega, como en áreas limítrofes, as

evidencias do asentamento de poboadores castrexos e evidente nos numerosos restos arqueolóxicos repartidos polo territorio. Pola contra, no presente artigo non consideramos que o noso obxectivo teña que ser a demostración deste pasado castrexo senón resaltar a existencia dunha conciencia social deste pasado na sociedade galega que, ademais, vincúlase de forma inherente coas poboacións celtas. Conciencia que se vai asentando o longo de mais de dous séculos de referencias que vinculan a identidade da Galiza e dos seus poboadores coa celticidade e o megalitismo.

As primeiras referencias neste sentido son establecidas por autores clásicos durante o período romano nas descrições do noroeste peninsular. Así, unha das mais antigas e completas referencias, dentro da parcialidade da mesma, que fala dos poboadores da antiga Gallaecia romana foi a realizada por Estrabón (S.I a.X) na súa obra "Geographika". Este Xeógrafo e historiador grego fai alusión o orixe celta dos poboadores desta rexión destacando as similitudes cos pobos célticos das Galias. Por outra banda, Pomponio Mela (S.I d.X) na súa obra "De Chorographia" describe a esquina noroeste peninsular como o "promontorio céltico", lugar onde habitan os célticos.

Estas primeiras unións entre a idea da Galiza e mundo celta son recollidas a finais do século XIX e durante gran parte do século XX polos promotores da corrente ideolóxica que defendía a existencia da Galiza como unha nación dentro da corrente romántica imperante. É así que o propio Otero Pedrayo (1954) na súa obra Ensaio Histórico sobre a Cultura Galega establece o mundo celta e as súas costumes como o xerme da cultura galega actual que a diferencia da cultura mediterránea asociada a España. Outros autores como Vereia de Aguiar (1775-1849) co conxunto da súa obra ou Benito Vicetto (1824-1878) cos sete tomos de Historia de Galicia (1871) comezaron a recuperar a misticidade celta para darlle unhas bases sólidas a conciencia colectiva que se comezaba a xerar no pobo galego. Nembargantes, dous dos autores que mais influíron por na recuperación do pasado celta do pobo galego foron Eduardo Pondal e o líder do rexionalismo Manuel Murguía que recolleron lendas e tradicións celtas procedentes de Escocia e Irlanda para posteriormente trasladalas o contexto galego, outorgándolle unha diferenciación histórica e paisaxística fronte a imposición, por parte da capital do Estado español, dunha paisaxe mediterránea ou castelá.

Poderíamos seguir citando numerosos exemplos pero atopamos mais acaído facer referencia a tese de David Santomil (2011) onde se realiza unha análise da imaxe da Galiza que, inda centrándose preferentemente no primeiro decenio do presente século, demostra a evolución da imaxe exterior da Galiza o longo da súa historia, dende as referencias dos primeiros autores clásicos ata as imaxes exportadas polos promotores

turísticos actuais. Este análise demostrou unha evolución da imaxe deste país sempre vinculada a celticidade e o mundo castrexo que remata sendo interiorizada pola sociedade civil ata servir de estratexia turística. Desta maneira, as sucesivas campañas de promoción de imaxe vinculan coa Galiza elementos adxetivadores do territorio e do pasado histórico como por exemplo a Galiza verde, escura, húmida, romántica, da morriña, do carácter atlántico fronte o mediterráneo e, como non, da celticidade e o megalitismo. Como demostraron autores como López Silvestre e Lois (2007) a vinculación entre a identidade dun pobo e a promoción turística que exporta é mais que evidente independentemente da clase social, ideoloxía ou nivel de formación.

Ademais das referencias literarias dende o mundo académico que vinculan a Galiza co mundo celta, a expansión desta identidade de pertenza espallouse por todas as capas da sociedade galega actual, especialmente naquel grupo social que se identifica cunha identidade nacional do territorio galego. Cabe sinalar que as referencias á simboloxía ou cultura celta na vida social e económica da Galiza actual son mais que evidentes, dende a presenza de simboloxía celta no deporte, caso do propio Celta de Vigo que utiliza como símbolo na súa zamarra un "Trisquel", símbolo popularmente asociado á cultura celta, ata innumerables establecementos comerciais ou de negocios de calquera ámbito que establecen claras vinculacións con esta simboloxía concreta. Ademais, consideramos que a presenza do festival de Ortigueira dedicado a musica celta que cada ano atrae a un inxente número de persoas, demostra o fondo calado que ten na sociedade a unión indefectible entre a celticidade e a Galiza.

3. O Fútbol Gaélico na Galiza e no Estado español, caracterización xeral.

A orixe do fútbol gaélico no Estado español vén da man do crecente número de emigrantes irlandeses que, ao establecer España como destino de residencia fixa e non exclusivamente vacacional, deciden organizarse e crear equipos e competicións de fútbol a semellanza da Irlanda, creando así un vínculo común entre os expatriados en España a través do seu deporte tradicional. O xurdimento de equipos formais no Estado español remóntase á primeira década dos anos 2000 nas cidades de Barcelona, co equipo Barcelona Gaels no ano 2001, Marbella, co Costa Gaels no ano 2002 e en Madrid, co Madrid Harps no ano 2003. Estes equipos están establecidos nas cidades con máis número de residentes irlandeses no Estado español. Na segunda metade da década creáranse o Sant Vicent GAA de Valencia no ano 2007, o Naomh Fermin de Pamplona no ano 2008, e os equipos Eirge Og Seville de Sevilla e o Madrid O'Donnells no 2009. Máis tarde, no 2015, nace o Granada Gaels (Figura 1.1). Na creación destes equipos participan

exclusivamente cidadáns irlandeses residentes de xeito fixo (máis de 7 meses) nas respectivas cidades. Como xeito de atraer á poboación local por parte das directivas dos equipos, tanto a nivel de participación como de afección, propóñense actividades culturais variadas, sendo a máis utilizada o intercambio de idiomas, o que fai que ós poucos comecen a formar parte das aliñacións xogadores locais e non exclusivamente irlandeses.

Coa proliferación de equipos da GAA (Gaelic Athletic Association) órgano regulador de todos os deportes gaélicos no mundo, créase a Federación Ibérica de GAA, que pasa a estar recoñecida oficialmente pola Federación Internacional de GAA, permitindo a interacción oficial entre os equipos do Estado español e os do resto de Europa. Ademais dos equipos mencionados, tamén forma parte desta federación o Gibraltar Gaels. A consecuencia da crecente actividade de fútbol no Estado e a súa federación formal, no ano 2005 celebrouse o primeiro Torneo Ibérico de fútbol gaélico, unha competición que desde entón tivo lugar de xeito ininterrompido anualmente, e que vén atraendo atención internacional desde un primeiro momento.

Malia a consolidación do fútbol gaélico no Estado español, especialmente na zona mediterránea que tradicionalmente atrae a máis expatriados de orixe irlandesa, non será ata case unha década despois, no ano 2010, cando se forme o primeiro equipo de fútbol gaélico na Galiza: o Fillos de Breogán da Coruña. Un factor diferenciador é que na creación deste equipo participan case exclusivamente cidadáns galegos. Desde un primeiro momento o equipo participa nos campionatos ibéricos de GAA e atrae rapidamente a atención no conxunto do país. Nos anos sucesivos créanse ata outros 9 equipos de fútbol gaélico (Figura 1.2), con participación exclusivamente galega desde un primeiro momento, tanto no plano directivo e administrativo como nos planteis. A meteórica ascensión da popularidade do fútbol gaélico na Galiza deu lugar no ano 2013 á creación dunha Asociación Galega de fútbol gaélico e o establecemento dunha competición de Liga propia, ademais de participar nun campionato ibérico. Mesmo a nivel organizativo, existe unha diferenciación oficial entre os equipos galegos e os do resto do Estado, malia a estar considerados dentro do conxunto do gaélico ibérico.

Tamén neste ano 2013 xorde a selección nacional galega de fútbol gaélico, que é recoñecida oficialmente pola federación internacional de GAA localizada en Irlanda e que permite a súa participación a nivel internacional e oficial con seleccións nacionais doutros países. Desde entón, a Asociación Galega de fútbol gaélico mantén contacto estreito con outras federacións a nivel europeo, especialmente a de Bretaña (Francia), que tamén ten como característica diferenciadora a elevada participación de xente local nesta actividade deportiva. É salientable que o número de equipos xurdidos en

Figura 1.1. Equipos non galegos federados na Federación Ibérica de GAA

	Nome do equipo	Cidade de orixe	Ano de creación
1	Barcelona Gaels	Barcelona	2001
2	Marbella Gaels	Marbella	2002
3	Madrid Harps	Madrid	2003
4	Sant Vicent GAA	Valencia	2007
5	Naomh Fermin	Pamplona	2008
6	Éire Og Seville	Sevilla	2009
7	Madrid O'Donnells	Madrid	2009
8	Granada Gaels	Granada	2015
9	Gibraltar Gaels	Gibraltar	-

Fonte: Elaboración propia con datos da GAA

Figura 1.2. Equipos galegos federados na Federación Ibérica de GAA

	Nome do equipo	Cidade de orixe	Ano de creación
1	Fillos de Breogán	A Coruña	2010
2	Ártabros de Oleiros	Oleiros	2011
3	Irmandinhos	A Estrada	2012
4	Mecos O Grove	O Grove	2012
5	Compostela	Compostela	2013
6	Estrela Vermelha	Compostela	2013
7	Pontevedra GAA	Pontevedra	2013
8	Auriense	Ourense	2014
9	Uvigo	Vigo	2014
10	Braithreachas	A Estrada	-


Fonte: Elaboración propia con datos da GAA

Mapa 1.1. Distribución dos equipos de GAA no Estado español.



Fonte: Elaboración propia con datos da GAA

Mapa 1.2. Distribución dos equipos de GAA na Galiza.



Fonte: Elaboración propia con datos da GAA

Galiza nos últimos 5 anos é igual ó do resto do Estado español na última década e media, e a orixe galega dos seus xogadores non pasa desapercibido nos medios internacionais. Varios equipos galegos, así como a Selección, foron invitados a participar en partidos amigables ou oficiais en Bretaña e Irlanda, de feito a Selección Galega participará na primeira Copa do mundo de fútbol gaélico no ano 2015.

4. Reflexións sobre a influencia da identidade no Fútbol Gaélico, o caso galego.

No apartado anterior faise evidente que existe un factor diferencial na sociedade galega que motivou a práctica dun deporte como o Fútbol Gaélico a diferenza do que acontece por exemplo noutras rexións do Estado español. Como dixemos ó comezo deste artigo, a nosa hipótese baséase en que ese factor radica na propia identidade galega cun forte sentimento de pertenza a unha comunidade, por factores culturais, enmarcada nun contexto internacional integrado por unha serie de países ou nacións marcadas pola presenza histórica de sociedades celtas nos seus territorios. Este pasado elixido vai a marcar certas dinámicas sociais, caso da práctica deste deporte gaélico na Galiza, onde, como puidemos comprobar, a súa práctica non ten precedentes, non sendo isto un impedimento para a súa rápida expansión por gran parte da xeografía galega.

A influencia dunha determinada identidade no comportamento social é evidente e non sempre intencionada nin consciente. Como demostran Lois e Silvestre (2007) o peso da identidade na toma de decisións en aqueles aspectos relacionados co territorio e coas imaxes que del se teñen é moi destacado. Nese artigo os autores estudan este tema en relación a política turística da Xunta de Galicia, pero pódese extrapolar a outros campos como o que facemos referencia neste artigo. Así, independentemente de que un grupo determinado se identifique cunha identidade nacional da Galiza, as imaxes asociadas a esta, como concepto intanxible e subxectivo, van a influenciar o seu comportamento. Neste senso, son esclarecedoras as ideas de Yunis Ahués (2009) onde divide as identidades en dúas tipoloxías en relación a consciencia sobre a mesma, dunha banda as identidades latentes, e doutra banda, as identidades patentes, cando se toma consciencia da propia identidade. Como comentábamos, o subconsciente colectivo e as imaxes dun territorio teñen amplas capacidades de condicionar a materialización das intervencións e prácticas que se realizan no territorio xa sexa na predisposición a realizar unha práctica social ou na representación e actuación física nunha determinada area xeográfica (Lois et al, 2012).

Outro dos aspectos estudados no apartado anterior é en que lugares o fútbol gaélico deu en conformar unha selección nacional que represente a unha determinada rexión coa cal se senten identificados os integrantes da

mesma. Os resultados obtidos evidencian, como primeiro punto, que moitas das seleccións non se corresponden cos límites estatais por non ser este un deporte tan controlado dende o plano ideolóxico por parte dos gobernos Estatais, reflexando cunha maior veracidade a división real de nacionalidades en Europa. Si ben é certo que o fútbol gaélico permite a representación da nación galega ou da bretoa no ámbito deportivo, algo vetado noutros deportes por motivacións de control e asimilación ideolóxica por parte dos diferentes gobernos centrais, consideramos igualmente importante tentar entender o porqué outras nacionalidades, cunha identidade tanto ou mais enraizada na sociedade, non deron en conformar unha selección nacional. É este o caso de nacións históricas como poderían ser, no contexto español, o País Vasco, Cataluña ou a mesma nación española que non teñen constituída unha selección nacional. Demostra isto que non so é importante a presenza dunha identidade senón que tamén é preciso ter en conta a base cultural que a sustenta así como as súas posibles vinculacións e asociacións psicolóxicas. Quere dicir isto que, como ocorre por exemplo na paisaxe, a interpretación que se realiza dun elemento novo, sexa a propia paisaxe, un destino ou, como neste caso, un deporte, a asimilación do novo elemento parte dende un coñecemento previo (López Silvestre, 2008) enraizado con anterioridade no individuo en base a súa ideoloxía, cultura, coñecementos ou identidades. Desta maneira, son os pobos cunhas identidades que se vinculan a atlanticidade, o megalitismo ou o mundo celta, nos que con maior facilidade se establece o Fútbol Gaélico e da en conformar de forma "espontánea", sen a axuda dun goberno con intencións lexitimadoras, unha selección nacional. Neste senso, cabe sinalar que en conversacións cos diferentes organizadores das competicións de fútbol gaélico na Galiza, estes afirmaron que a presenza da selección nacional galega é algo imprescindible para o avance do deporte no país sen a cal non se comprendería a expansión pasada do deporte nin a sustentabilidade futura do mesmo.

Así, do mesmo xeito que o substrato dunha identidade pode potenciar a práctica dun deporte, poñamos como exemplo a pelota vasca o cricket, os deportes gaélicos ou seudodeportes como as toucadas, cada un nos seus respectivos contextos territoriais, unha identidade pode ser a causa do declive e mesmo do abandono doutro deporte, inda que presente unha historia social mais longa e arraigada. No contexto galego, este podería ser o caso de deportes como o remo que pasa por serias dificultades económicas e de atracción de espectadores xoves, da loita galega que pese a tentarse recuperar non acaba de ter un fondo calado na sociedade galega, ou a billarda que na actualidade esta sendo organizado e regulamentado. É evidente que os tres deportes anteriormente mencionados teñen un pasado histórico cuns lazos mais fortes na sociedade galega que os do fútbol gaélico, pola contra, o auxe deste último non ten comparanza con ningún

dos citados nin con calquera outro no contexto galego actual. Dende a nosa perspectiva, consideramos que o auxe do fútbol gaélico, en detrimento dos outros deportes, baséase en que non teñen unha vinculación tan evidente co discurso dominante presente na identidade galega conformada polos líderes do rexionalismo, provincialismo ou nacionalismo galego. Si ben isto é certo, deportes como o da billarda están a ser regulamentados con certo éxito, e neste proceso non deixa de estar presente a unión indefectible entre o deporte e a identidade, posto que toda a organización deste deporte baséase na Liga Nacional de Billarda cun ámbito de actuación que se circunscribe o territorio galego, sendo evidente, sen demasiadas explicacións, a simbolización que o propio nome da organización lle outorga o deporte.

Doutra banda, ademais da importancia da identidade colectiva baseada nunha serie de atributos socioculturais, consideramos que é posible que existan outro tipo de motivacións que fagan este deporte mais atractivo para a sociedade galega. Desta maneira, no eido de crise onde nos atopamos cun panorama social e político que varía a un ritmo moi acelerado, pensamos que se están a dar unha serie de procesos que poden ter relación con que sexa neste contexto histórico onde o fútbol gaélico comezara a establecerse na Galiza. De entrada, a crise económica do Estado español está empeorando o proceso de recentralización incrementando as históricas disparidades territoriais, en especial, en aquelas nacións que difiren do discurso españolista dominante. Esta estratexia histórica do goberno español ten unha dobre vertente, dunha banda a pura recentralización económica e de poderes dende as "periferias" o centro peninsular representado pola capital, doutra banda, búscase a lexitimación deste proceso mediante a asimilación sociocultural dos diferentes pobos dominados que quedan nunha situación devaluada. Ante este feito, os movementos sociais destas rexións están a crear "trincheiras de resistencia" (Castells, 2003) fronte a un proceso que perciben como unha ameaza as súas lexitimas aspiracións de xustiza, igualdade e respecto pola diversidade sociocultural. Neste senso debemos referirnos o proceso de soberanía catalán como claro exemplo das consecuencias dunha política hostil contra os discursos construídos de forma diverxente o discurso español imposto. Polo tanto, non creemos que sexa unha casualidade o auxe do fútbol gaélico na Galiza nun contexto tan hostil para a identidade desta rexión. Debemos de ter en conta o antagonismo do simbolismo que envolve o fútbol gaélico fronte o resto de deportes presentes no Estado español. Así, faise pertinente a pregunta de si a aparición e evolución positiva deste deporte non é unha mais das necesarias trincheiras construídas en oposición a identidade do actor dominador.

Analizando o reforzamento dunha identidade ou cultura debemos facer fincapé noutra realidade do contexto histórico actual, a globalización. Neste

senso, pensamos que é outra das causas evidentes que fixo posible a situación actual deste deporte, dende dúas perspectivas diferentes e que, nun principio, poderían ser falsamente consideradas como antagónicas. Dunha banda, a globalización permite unha maior facilidade para o movemento das persoas e un maior coñecemento e asimilación de pautas de comportamento. Consideramos que esta permeabilidade posibilitou o coñecemento e o fomento do Fútbol gaélico fora das súas fronteiras tradicionais presentes na illa de Irlanda. Como demostración é acaído referirnos a unha conversación co presidente da Asociación Galega de Fútbol Gaélico na cal nos informou de que o orixe do deporte na Galiza foi a viaxe dun galego a República de Irlanda onde coñeceu o deporte e pensou en fomentalo no seu país. Polo tanto faise evidente que, de ser mais reducido o acceso a mobilidade internacional no mundo actual, a presenza deste deporte na Galiza non sería a realidade que é hoxe.

Doutra banda, a globalización provoca nas sociedades dous fenómenos contrarios e interrelacionados, en primeiro lugar, os pobos sofren unha estandarización sociocultural e de pautas de comportamento e, en segundo lugar, acrecenta a preocupación pola diversidade cultural e o reforzamento do propio (Meyer e Geschiere, 2003). O fútbol gaélico viuse influenciado polas dúas consecuencias da globalización posto que unha parte da sociedade galega adquiriu un elemento cultural presente noutra realidade territorial, pero, por outra banda, o auxe do deporte está ligado o intento de reafirmar unha identidade propia diferenciada. Demostrase en que este deporte tradicional irlandés non foi introducido na sociedade galega polas canles clásicas da globalización senón que a súa adquisición é intencionada e consciente por considerala como unha tradición presente nunha realidade territorial diferente pero cunha base cultural ou histórica que se considera semellante, sexa isto mais ou menos correcto, o certo é que si existe esa consciencia social. Non obstante, non consideramos que esteamos perante o desenvolvemento dunha tradición inventada posto que si ben pode cumprir algunha das características definidas por Hobsbawm e Ranger (2002) non modifica o simbolismo do deporte para a sociedade galega senón que é un elemento de reafirmación dun elemento cultural previa.

5. Conclusión

Nesta segunda década do século XXI comézase a comprobar a falsidade dos presaxios do século pasado que vaticinaban unha paulatina tecnificación do comportamento humano baseado en automatismos racionais reflexo do avance do capitalismo, do libre mercado e das pautas de comportamento consumistas. Prediciábase así o decaemento de movementos sociais clásicos e románticos polo peso exercido pola era da información e da comunicación grazas a cal a irracionalidade humana pasaría a un segundo plano. No momento actual, esta faceta das sociedades

non chegou ó seu fin e mesmo se produciu un repunte do peso das identidades e da cohesión social en base a autoidentificación con relixións, correntes ideolóxicas, o xénero ou os nacionalismos. Exemplos claros destes movementos, moi influídos polo contexto de crise económica mundial, son o avance dos fundamentalismos relixiosos en oriente medio ou un exponencial aumento do apoio social os nacionalismos en toda Europa, dende a reafirmación da identidade nacional dunha parte de Ucraína, pasando pola rexión do Véneto en Italia, a Bretaña francesa, Escocia no Reino Unido ou Cataluña, País Vasco e Galiza no Estado español, entre outros moitos.

Ante este feito a comprensión e estudo científico das identidades colectivas segue a ser unha necesidade real no presente contexto histórico. É por este motivo polo que este artigo tentou analizar como as identidades colectivas inflúen nas pautas de comportamento da sociedade, nomeadamente para o caso galego. O obxecto de estudo utilizado foi o Fútbol Gaélico, deporte que, como se demostrou, tivo unha gran aceptación social na Galiza onde o número de deportistas non deixa de crecer dende a aparición do primeiro equipo neste país, fai escasamente un lustro. Cabe sinalar que o peso da identidade xogou un papel esencial na positiva evolución do deporte. Unha identidade construída polos grandes pensadores galegos coas bases diferenciais da sociedade galega, cun marco internacional consolidado ó redor do pasado histórico dos territorios coñecidos como as nacións celtas. Este feito permitiu que a permeabilidade entre estas rexións atlánticas sexa moi superior a existente, por exemplo, nas áreas do litoral mediterráneo, facendo que a adquisición desta tradición irlandesa por parte dunha parte da sociedade galega tivera moi poucos atrancos e mesmo chegue a ser considerada unha práctica baseada nunhas raíces propias.

No que atinxe o propio deporte, vemos unha clara necesidade de democratizar o sistema deportivo galego absolutamente centrado nos deportes de masas, moi apoiados dende as diferentes escalas das institucións públicas e privadas. Este apoio, consideramos que non vai en proporción os beneficios xerados por cada tipo de deporte nin dende unha perspectiva económica nin social. O Fútbol Gaélico presenta uns valores diferenciados moi positivos para a sociedade no seu conxunto e, en especial, para os mais novos grazas a unión inseparable existente entre o deporte e os valores de compañeirismo, respecto e rexeitamento da violencia. Porén, sería un gran acerto que se deran a coñecer con mais profundidade os beneficios que este deporte pode ofrecer, xa non so no ámbito social, senón dende unha perspectiva económica, como canle inmillorable para incrementar a imaxe exterior da Galiza en contornas internacionais amplamente competitivas.

BIBLIOGRAFÍA

- Castells, M., (2000): *La era de la información: economía sociedad y cultura*. Segunda ed. Madrid: Alianza Editorial. Madrid
- Castells, M., (2003): *La era de la información, el poder de la identidad*. Segunda ed. Madrid: Alianza Editorial.
- Cuiv, B.O. (1969): *The gaelic cultural movement and the new nationalism*. Dublin: K. B. Nolan.
- Darby, W. J. (2000): *Landscape and Identity*. Oxford : Oxford International Publishers .
- Dela Porta, D.; Diani, M: (2011). *Los movimientos sociales*. Madrid: Editorial Complutense S.A.
- Gellner, E. (1997): *Naciones y nacionalismos*. Madrid : Alianza Editorial.
- Hobsbawm, E.; Ranger, T. (2002): *La invención de la tradición*. Barcelona: Editorial Critica.
- Lopez Sandez, M. (2008): *Paisaxe e nación*. Vigo: Galaxia.
- Lopez Silvestre F. (2008): "El paisatge, naix o es fa?" en *Teories culturals del paisatge*. número 58, pp. 62-69.
- Lois Gonzalez, R.; Valerià Carril P.; Santos Solla X.M. (2012): "Paisagens vitivinícolas e desenvolvemento do enoturismo na Galiza. Un olhar dende a geografía cultural" en Barrios Cardoso; Silvia Trilho (coord.) *Vinhas e vinhos*. Primer congreso internacional de vinhas e vinhos Viana do Castelo: Câmara Municipal de Viana do Castelo.
- Lois Gonzalez, R.; López Silvestre, F. (2007): "La fuerza de un mito: la presencia del paisaje nacional en la publicidad turística gallega en España" en *Ataliê geográfico*, VOL I, pp. 1-24.
- Luque, A. M. (2012): "El deporte como objeto de la reflexión e investigación geográfica" en *Boletín de la asociación de geógrafos españoles*, VOL 59, pp. 49-77.
- Meyer M.; Geschiere P. (2003): "Introducción" en Meyer M.; Geschiere P. (Coord.) *Globalization and identity: Dialectics of flow and closure*. Oxford: Blackwell Publishers.
- Orejan, J. (2006): "The history of gaelic football and the gaelic athletic association" en *The sport management and related topics journal*, Volumen II, pp. 45-51.

Paasi, A. (2009): "The resurgence of the Región and Regional Identity: theoretical perspectives and empirical observations on regional dynamics in Europe" en *Review of internacinal studies* , VOL 35, pp. 121-146.

Pedrayo, O. (1954): *Ensaio histórico sobre a cultura galega*. Lisboa: Guimaraes imp.

Santomil , D. (2011): *A imaxe exterior de Galicia no século XXI*. Tese doutoral. Santiago de Compostela: Edición dixital Universidade de Santiago de Compostela.

Scandroglio, B.; Lopez , J.; San José, M. C. (2008): "La teoría de la identidad social: una síntesis crítica de sus fundamentos, evidencias y controversias" en *Psicothema* , VOL 20, pp. 80-89.

Verdes, P.; Xaquín, T. A. (1986): *Xogos populares en Galicia*. A Coruña: Xunta de Galicia, Consellería de Turismo, Xubentude e Deportes.

Vicetto, B. (1865): *Historia de Galicia*. Ferrol: Nicasio Taxonera.

Wallerstein, I. (2007): *Geopolítica y Geocultura*. Barcelona: Editorial Kairós, S.A.

Yunis Ahués, E. (2009): "Consideraciones sobre las relaciones entre identidad y turismo en las sociedades del siglo XXI" en *Foro do instituto de estudos das identidades*, VOL III, pp. 13-21. Santiago de Compostela: Museo do pobo galego.